

Ollándonos

Ollémonos mentres queden pálpebras para escapar...



VERSOS PENSAMENTOS OPINIÓNS CONTOS DEBUXOS

¡¡COLABORA!!

PRECISAMOS MÁIS OLLOS:

Ollándonos é un intento de folleto literario que xurdiu coa mira de achegar a poesía ao alumnado, aínda que nel aparecen tamén relatos, debuxos e todas as cousas que vos semellen importantes ou vos preocupen (non ten por qué ser isto ningunha especie de “bases”, dádenos o que vos guste).

Queremos que sexades soamente vós os que axudedes a levar a iniciativa adiante, por iso precisamos a vosa colaboración como creadores e informadores. Cando teñades algo que dicir-pintar-escribir, compartídeo con nós.


¡Fagamos unha ollada colectiva!

Óllame así,
sen traducirme este silencio
anterior á elasticidade.
Molla despacio os pensamentos
e toma a transparencia xa imaxinada.
Mesturemos a calor
nun abrir e pechar de...

Pálpebras xa sumisas.

OLLADA: 1.Mirada rápida e superficial. 2.Sinal feito cos ollos.

OLLAR: 1.Poñer a vista sobre algo, fixar os ollos en algo; mirar. 2.Ver.



Cortáronme as unllas
agora xa non sei desfilar..., son unha gata
mansiña
sen voz nin tempo para miañar na noite
acesa.

Dime moi despacio a letra das cancións
da segunda lúa nova,
no oído non me soa ben o fa grave,
(calculo demasiado rápido o tempo no que
ferve a auga).

Ao lado dos pensamentos horizontais
podo cheirar bicos vermellos en espiral,
son semellantes aos nosos semáforos.
Asegúrocho.

-Tu as fait ton lit?
-Non, je n'ai pas fait mon lit.

Están na cama desfeita as lúas cheas. .

Eu podo comer miradas, e escoitar cheiros
e ver tacto até no pensamento.
Tocar Ollos Xeroglíficos Onde Se
xuntan ocres.

O sol nunca conta as pestanas, ¿sabes?
aínda estamos a tempo de chiscar os ollos, logo agardamos a chuvia.

Ollándonos



CANCIÓN DA CLARIDADE DAS PALABRAS

A PALABRA é a única chave que abre
a nosa soedade e pon, á luz
do sol e do luar,
a choída intimidade máis escura.
A palabra nomea e crea ás cousas,
pon orde no mundo
e armoniza toda a creación.
Cando prostituímos a palabra
estamos invocando ó demoníaco.
E se deixamos morrer a palabra
o universo enteiro
dóese de orfandade e desamparo.

As Lúcidas Lúas de Outono, 1988

O POEMA

UN POEMA é un ser vivo que anda,
respira, soña, chora, salouca,
ama, berra, cintila, escurece,
cala, aborrece a mentira,
sente odio e ternura, desáingrase,
fala de intimidade a intimidade
coas cousas e coa xente, suxere
mundos posibles e imposíbeis,
súa, cansa, sofre sede e fame,
adoece, agoniza. E nunca morre.

A Luz Ressuscitada, 1984



O POVO que deixa perder a súa palabra
creada, herdada, usada, revelada,
aquela que lle é propia e singular,
a que é unicamente súa,
está empobrecendo ó mundo
e perpetrando o seu propio xenocidio.
Ese povo vil
ollará aniquilada a súa lembranza
e o seu nome indigno
borrárase, sen máis, do universo:
hai agresións á beleza e ó espírito
que a vida non tolera nen perdoa.

Os Lonxes do Solpor, 1993

Logo dunhas semanas volvemos ás andadas (¿ou ás olladas?). Neste novo folleto só aparecen poemas de Manuel María, podería haber unha biografía e un montón de fotos, mais os versos xa nos aluman as meniñas sós.

Ollándonos

num. 3



E se me bicas toda, así, despaciño,
e se me bicas os ollos
e me pechas as pápebras cos beizos,
de seguro serei árbore de nadal;
adornada con cuspe e lingua e maxenta.

Podes cantarme parxoliñas do tempo,
pintar as mans de branco,
converter os dedos en folepas
para logo nevarme pouco a pouco.

Palabras-mazapán na orella
(un verso por cada badalada no ventre).

Lévame a Begonte, despois durmimos alí,
a xente sempre pensa no imposible
e os dous somos figuríñas do Belén,
eu deitada na la do colchón inventado,
ti enriba facéndome estrela.

Sabes que che regalo o meu embigo
cos tres Reis Magos pintados,
tamén o vasíño de leite e as galletas...,
pero non me quites os soños,
agora non, agora alúmame.

Na respiración a humidade
na lúa o que queda das luces de cores.

Debuxo: Maica

Poema e relato: Alicia

Opinión: Comba

O nadal é a época do ano máis fermosa posto que é a unión de sentimentos e recordos, nesta época podemos estar máis minutos con aquelas persoas que apreciamos. Aínda que sexa un tempo triste para algunha xente, hai que pensar que eses recordos peores son de horas felices.

Non queda nada para ter diante un prato cheo de corpos laranxas e vermellos cos ollos negrísimos.
Os exames xa remataron e non hai escusa ningunha para mandar un poema diminuto, ou calquera dos pensamentos que rematan (ao mellor nin teñen fin) na última noite de decembro.

Só palabras-frases-versos como agasallos de Nadal.

Aparece un neno de ollos grandes ao lado dunha árbore ben adornada. As pombas non peitean as luces nin pían nos agasallos. A rúa ás veces vese distinta pero a min nunca me chegarán a gustar estes mazapáns tan modernos.

Outra tarde axeonillada no sofá e mirando para o neno silencioso, os ollos silenciosos e as pombas silenciosas do cadro novo que me chegou pola última chamada telefónica.

Todos os días o mesmo: comer os mazapáns da mañá anterior, tapar un pouco a cama por iso do que chaman orde, e logo ao sofá vermello do salón para intentar comunicarme co neno dos ollos menos tristes.

Ao mellor enténdea, non desespere -dixo onte a rapaza que mandaron os do concello para transformar en cama feita a cama tapada-, claro, con isto do Nadal seica volta a felicidade á casa, coma no anuncio do turrón.

Non sei se quedan mazapáns na cocíña e a moza aínda non fixo a correspondente visita. Agardarei un cacho, se non vén collo o teléfono e marco ao programa. Resposto "sí, os novos mazapáns encántanme", digo cántos veñen na cabra e mañá aparéceme outro cadro para analizar sen compañía.

¡Colaborade!

ollandonos@hotmail.com

VERSOS

PENSAMENTOS

OPINIÓNS

CONTOS

DEBUXOS



Ollándonos

As colaboracións que non aparezan neste número veranse publicadas no 5. Agardamos máis frases ou versos para o próximo.

Todo era gris,
todo era sinxelo
mais eu complicábao
aínda sen querelo.

Quería descansar
pero non podía
con só ver a miña sombra
xa me estremecía.

Tiña frío,
mais suaba
tiña febre,
mais cantaba.

Preciso dalguén que me
escoite
dalguén con quen desafogar,
sinto impotencia
non fago outra cousa ca chorar.
As noites son curtas
os días son longos
a miña vida saigada
sen sentido,
¡só quero berrar!

Quedan uns días para San Valentín, se queredes colaborar mandando unha carta de amor, un poema, ou mesmamente unha declaración aínda estades a tempo.

Se non vos considerades románticos de seguro tedes outras cousas que enviar:

Agardas impaciente
sen sono
que alguén che diga...
cómo es,
qué esperan de ti,
qué fas aquí,
para qué serves,
¿realmente es importante?
¿ou só es... un ácaro máis do po?
Ninguén che responde
¡ata o silencio se che esconde!

Fáltame tempo
preciso espacio
deprimome
choro
berro
desespérome
¡non teño saída!



N. P. R.

Tívente tan preto...
tan preto que te ameí,
e un día sen pensalo
de ti me alonxei.

Alonxeime dos teus beizos
das túas mans do onte,
alonxeime de quen me quería
á miña alma chegou a morte.

Escrava das túas palabras
da túa mirada
do silencio da túa soidade;
son a escrava do teu pasado
e vivo pola túa felicidade.

Hoxe aférrome ó recordo,
ó silencio da túa voz,
aférrome ós soños
que un día gozaron da voz
e agora quedan mudos
ante o que onte os conquistou.

Fun eu quen cometeu o erro,
quen dos pensamentos te alonxou.
Inxenua de min,
pensaba poder vivir sen ti
e arrepiñíntome de pensar así.

Vémonos, e sabemos
que nos queremos:
eu agardo a que ti fales,
ti esperas o meu comezo.
Acaba falando don Orgullo,
baixo a cabeza
sigo o meu camiño detrás do teu.

E ti marchas pensando
que o orgullo fai o home
pero sei que morre por dentro...
o teu corazón malferido.

ollandonos@hotmail.com

Inés (3º ESO B)

Ollándonos

PENSAMENTOS

OPINIÓNS

CONTOS

DEBUXOS



Onte escoitando a radio (“*La brújula*” de *Onda cero*), oín unha subsección que se titulaba “*Las otras noticias del día*”, onde se comentan novas simpáticas que ocorreron no mundo o día 12 de febreiro. A primeira da noite ía dun pobo andaluz no que se chamabas ó alcalde e lle dicías: “Oia, quero un porco”, regalábanche unha boa comida. Non sei a finalidade pero imaxineime a calquera persoa chamando a don Severino..., en fin.

A segunda noticia trataba dunha enquisa que se fixo no Brasil, que dicía que á maioría dos brasileiros non lles gusta o Antroido.

E a terceira, para min a mellor, dicía que en Hong Kong unha octoxenaria denunciou a un neno de tres anos por empurrala e romperlle unha perna, o neno terá que pagar 500€. De aí asáltanme dúas preguntas:

- ¿O neno é Rambo?
- ¿O neno terá o peto tan cheo?

E eu creo que se os telexornais do serán deran tamén estes temas, de seguro que os farían ben máis entretidos.

O pasado martes, 10, veu ao Daviña Rei Xosé Miranda. Sendo un dos máis coñecidos escritores galegos de novelas para adolescentes e téndoo en case todos os institutos como lectura obrigatoria, pódese considerar un luxo ter a

posibilidade de preguntarlle as dúbidas que sempre aparecen en calquera libro acabado de ler. Aquí lemos *Tarxeta vermella e Pel de lobo*, polo que a conversa mesturou aos lobishomes coa soidade e a desesperación.

Recordounos tamén o seu xeito de escribir, a súa forma de versentir a literatura (contando anécdotas e algunha lenda urbana) e falounos de cómo apareceron os dous libros xa nomeados.

Gustaríame ser unha
bágoa,
bágoa de lume,
que ó caer no teu corazón
xeado,
xeado pola dor,
consequira ser un reflexo,
reflexo dun amor,
un amor que durara sempre,
eterno...

I.F.



Fernando Botero

Ollándonos

Viaxe a ningures

Estabamos a morrer de fame; supuña un oco que nada podía tapar, nada. Tamén morriamos por mor das enfermidades producidas pola falta de hixiene.

Ali Ngema era o meu nome, e eu era dos menos perxudicados por elo. Moitos dos meus familiares e amigos estaban a pasar pola etapa final da súa vida, ese camiño que todos percorreremos algún día, pero que algúns o fan, desgraciadamente, antes do que nós quixesemos.

Este foi o día que decidimos fuxir desta terra que tanta dor e sufrimento nos produciu durante tantos anos. As mulleres colleron ós seus fillos, agás eu, que perdera á miña muller por unha daquelas arrepiantes enfermidades: o cólera. Ós nenos máis pequenos atabámolos ó corpo para que nos fora máis doada a fuxida. Eu collín á miña, que tiña nove anos, e era das poucas -e atrebome a dicir a única- que sabía o que estaba a pasar. Víaselle o medo nos ollos. Isto inquedaume.

Collemos os miserables alimentos que aínda nos quedaban e as cousas máis imprescindibles e envolvémolas en sabas para logo atalas.

Saltamos a aramada de espiñas que nos afastaba da liberdade, a algúns custoulles moito pasala e tivemos que axudarlíes. Perdemos uns marabiliosos minutos nesta operación tan delicada.

Corremos ata a praia, onde nos esperaba a nosa embarcación (patera, como lle chaman algúns) e empurrámola ata a beira do mar, onde montamos nela dun en un e por mágoa antes de que puideran embarcar todos souu unha serea; non podiamos agardar máis, así que aínda que non estivesemos todos emprendémo-la viaxe. A muller que tiña ó meu carón tirouse da barca con gran rapidez ó decartarse de que o seu marido quedara en terra...

Maria Prieto

Polo teu nome podo intuír
milleiros de apécomas e logo
bañarme dentro facéndoches un leito
inmerso
enorme
desmedido,
sabendo que es ti o que mellor
me orienta polo tempo
(neste outro contexto os minutos)
ou me dirixe poia iama.

As carabuñas vendosas no adro
cando non me mirades á vez,
nun trapo pequeno, agochadas
para ser beberaxe
no baile das outras crechas.

Berrar lume é lairse polo infortunio.

Alicia Fernández

Alfinetes de sal nas espirais
das olladas que me pertencen,
brevidade como solución:

lentamente, mingua.

Alicia Fernández

ollandonos@hotmail.com

Ollándonos

VERSOS

PENSAMENTOS

OPINIÓNS

CONTOS

DEBUXOS

11-M

Quén e porqué? Quizais nunca o saberemos. En todo o país deixáronse ver montóns de crespóns negros. As rúas estiveron baleiras. Todo o mundo camiñaba coa cabeza gacha, pensando, pensando en sabe Deus qué. Ese día tódolos ceos do mundo choraban.

200 mortos, 17 sen identificar, 31 eran estranxeiros. 1511 feridos, dos cales 11 faleceron, 266 seguen hospitalizados, 17 en estado crítico, 38 moi graves e 140 graves. Moitas persoas foron dadas xa de alta e centos delas quedarán con secuelas (isto é aproximado, pois xa pasou case unha semana)

Estamos a falar de cifras moi altas que converten a esta masacre no 5º peor atentado do planeta, e o 1º de Europa.

Moitas televisións estatais de todo o mundo deron a maior cobertura posible a este trágico suceso, como as televisións francesa, inglesa, alemana, mexicana, portuguesa e estadounidense entre outras, as cales quedaron abraiaadas coas multitudinarias manifestacións, pois máis de 11000000 de berros convertéronse nun só ó longo de todo o país.

En moitos establecementos comerciais "pechado por dor" era o letreiro que penduraba o venres 12 das portas; "non hai palabras, pero

hai bágoas que falan" ou "asi loita Madrid" ou "onte morremos todos" eran algunhas das frases tristes e cheas de rabia e dor que amosaban as pancartas na manifestación da capital española, onde millóns de paraugas se converteron nun só contra o terror.

Estes días serán datas difíciles de esquecer para os que estiveron no inferno, para as familias dos que foron traballar e non volveron, ou para as doceas de amputados que terán que seguir vivindo sen unha parte do seu corpo.

O presidente do Parlamento Europeo proclamou o 11-M como o día das vítimas do terrorismo en Europa, e en Madrid vanlles facer un monumento a todas esas vítimas inxustificadas do terrorismo, a todos eses centos de persoas que encontraron a morte cando menos o esperaban.

Aínda que non se saiba quenes foron os culpables de todo isto, as vítimas tiñan nome e apelidos. Non debemos facer política con todo isto, pero si telo en conta, como o estamos tendo.

Quizais estas palabras non sirvan de moito, pero digámoslle si ó tren da vida, non ó terrorismo, porque neses trens iamos todos.



O silencio berraba tan alto
que ata o cantar dos paxaros
rebertaba nun xemido eterno,
posuíndo o tempo inexistente.

Esas mans moradas co frío,
o subir e baixar montañas baleiras.
Miradas e tocamentos ó infinito,
existirá?

Anónimo.

I laído ó vento baleiro,
I sorriso triste, ou ledó?
- porqué non imos ó Campelo?-dixo.
Mira o vento, ardendo na escuridade,
adeus...

G.M.



¡¡Colabora!!

Despois do 14-M podemos facer moitas lecturas do acontecido. Non podo negar que me parecen xustos os resultados pero é frustrante pensar que tiveron que morrer 200 persoas para mobilizar conciencias. Unhas conciencias que de non ser así quedarían na casa o día 14. ¡Que demos podemos esperar dunha sociedade na que a análise política do día a día parece ter moi pouco peso á hora de emitir voto!

Non creo tampouco que esa xente tivese que quedar na casa, todo o contrario, deberían emitilo seu voto en todas as ocasións que nos brinda a democracia. Independentemente de que ese voto fose branco ou leve o anagrama de calquera dos partidos que se presentan.

Asistimos nestas semanas á aceptación dos resultados por parte do partido que perdeu o poder e tamén á deslexitimación do resultado coa técnica de: unha de cal e outra de area. Parece increíble, intentar deslexitimar ao futuro presidente, que é o presidente avalado polo maior número de votos da curta traxectoria democrática deste país, con todo o que conleva deslexitimalo pois tamén se están a botar sombras sobre máis de 11 millóns de españois.

Por iso quero facer un chamamento aos máis novos para que poñan un pouco de sentido común e non sigan o xogo do insulto ao adversario para deste xeito non levantar as dúas españas que tan malos recordos deixou na psicoloxía da nosa sociedade.

Unha aperta para todo o Daviña Rei.

Manuel Cadahía

Versos

Opiniós

Ollándonos


Pensamentos

Contos

Debuxos

Un 11 de marzo
estaba almorzando
cando de súpeto na tele
un atentado en Madrid.
Tres trens polos aires,
que tristeza, que dor.
Moitos mortos, moitos
feridos,
que mágoa, que dor.

Víctor López Arias, 6 anos.



Aitor Gacio

Unha de 11-M

Unha guerra,
baleira de sentimento,
chea de interese.
Duascentas días mortas,
baleiras de interese,
cheas de sentimento.
Volvemos aos anos de escuridade,
a loitar pola paz
e a liberdade.
Hai cousas
que superan a razón.
Outras cousas
que merecen horror
(outra vez)
Nunca máis!

Noa Morcira García

* Precisamos máis ollos...

ollandonos@hotmail.com

Viaxe a ningures

[...]

A barca comezouse a zarandear coa corrente; non remabamos, e o mar levábanos onda el elixia; ata elixia canto tempo iamos estar ali. Neses intres estaba calmo, nin tan sequera unha soa onda rachaba contra a barca, o cal era boa cousa.

Os nenos choraban e o frío roía os seus corpos case que nus. Kiara, a miña filla, non choraba, non falaba, pero eu sabía que estaba presa do pánico e biqueina na fronte cun xesto apazugado. Un sorriso finxido debuxouse na súa face.

O tempo pasaba moi quedo, ou iso nos parecía a todos porque tampouco tiñamos xeito de comprobalo. As poucas palabras que nos cruzabamos eran de ánimo, aínda que tiña a sensación de que a ninguén animaba.

'Ia moito frío, e deste xeito pasaron cinco horas. Entón o mar púxose máis bravo, entolecido, demasiado para a nosa fráxil embarcación; tan fráxil era que unha onda que bateu contra ela rachou un anaco dunha táboa e comezou a entrar auga, pero moi paseniño, non había perigo de que afundiramos, pero sentímo-la auga conxelada.

Cando a barca subiu cunha das ondas, o fillo do meu irmán caeu á auga, e cando o meu irmán ía tirarse para rescatalo, eu impedinllo. Sabía que tiña que facelo, porque se non, ningún dos dous ía regresar. E así foi; ós poucos segundos a pequena cabeza perdeuse no encrespado mar.

Esta foi a primeira perda da nosa peculiar flota. A partires de aquí todo o mundo comprendeu que a nosa aventura non resultaría tan doada.

O mar por fin calmouse, aínda que tardou moitas horas en facelo. Kiara afastouse de min e foi ata a outra punta da barca, e ali sentou como querendo ollar algo lonxevo... Eu supuxen que esperaba avistar terra, pero non foi o caso. [...]

María Prieto

(Continúa no próximo número)

Esperta e reacciona

¿Quererás verme chorar?

Pois non o conseguirás.
Pensas que es moi feliz
por ter xente ó teu redor,
máis leda estou eu;
teño xente, si, pero que me quere como son
e non polas estrelas do meu peto
nin polas insignias do meu chaleco.

¡REACCIONA DESGRACIADO!
¡SE PERSOA, LOITA POLO QUE MERECE!
se é que aínda tes dereito.

Se naciches para facer dano
¡ESPERTA! Aínda estás a tempo
quizais alguén aínda poida apreciarte.

Sei que non es quen de derrubarte,
mais ferirte non quero
só pretendo axudarte.

N.P.R.



::Colabora!!

ollandonos.g@hotmail.com



Ollándonos

Moitas gracias polas colaboracións. Sinto que algún que outro relato non aparecera, o folleto é pequeno e non collería. ¡Ánimo!, queda pouco para o remate do curso.

Ódio esses momentos desesperados nos que o teu móvel está desligado e o único jeito de por-me em contacto contigo é este puto nojento mail que nom reproduce o teu sotaque de Verim. Boto-te em falta, boto-te **mu**ito em falta. A finais do verão dizias que me deixara levar, que isto acabara como for? E vai **morrendo** pouco a pouco, até que umha injeção de vitalidade nos revive momentâneamente e esqueço ter-te **longe**. Nom quero que o que nos une se convirta em ódio, nem em singela amizade, nem em cruel indiferência. Quero-te e animo-te a continuar. Em ano e pouco estaremos mais pertinho, se é que isto sobrevive. Cada dia tenho menos esperanza.

PUTO DINHEIRO!

Vamo-nos viver juntos a qualquer pais lusófono com essa tonta sensação de liberdade. A recorrer mundo colhidos da mão, chiscando o olho a sensuais pessoas de distinto sexo. Fagamos história. Sinto-me impotente.

Quero-te.

Sabela

En educación un dos grandes problemas é motivar, cómo conseguir que os estudantes se concentren na aprendizaxe da aula e se ilusionen coa materia en cuestión. Recursos varios que empregan os docentes buscando sempre o mellor para que o rendimento do seu esforzo sexa o máis alto posible.

Ben asentados na nosa vida, os medios de comunicación, tanto impresos, radiofónicos como televisivos, poden sobrepasar as súas funcións iniciais para converterse en axudas moi útiles no traballo con mozos e mozas de ESO e Bacharelato. Crear, imaxinar, simular, usando tanto o escrito como o oral, aplicando técnicas xornalísticas nas aulas é unha metodoloxía que adoita dar froitos interesantes e agrada ós que participan nela polas conclusións extraídas anteriores en experiencias deste xeito.

Nesta noite de lume busco onde acocharme, lugar húmido e quente que só ti sabes darme.

Non poñas resistencia á miña longa espada axexante, coma o mar nunha furna ela entrará na túa carne.

Manuel Cao



Ollándonos

[...]

Miúdas gotas de choiva comezaban a caer sobre nós, mentres baleirabamos a auga de dentro da barca. Isto mantívonos algo quentes, pero non por moito tempo. Unha muller amosaba síntomas de hipotermia e fixémosla parar de traballar e abrigámola ben. Pero á mañá seguinte encontrámola morta: un de nós tomoulle o pulso, e non quixo dicir nada. Só coa cara de mágoa que puxo todos soubemos o que estaba a pasar. Quitámoslle as roupas e botámola pola borda.

A treboada volveu bater contra nós e todo o día estivo tentando de facermos naufragar. Pero á mañá seguinte, cando saía o primeiro raio de sol, ó mesmo tempo que viamos o amencer, no horizonte comezaba a xurdir un Xanaco de terra.

Percorríannos moitas emocións: alivio, ledicia e outras que non se poden expresar con verbas. Estaba seguro de que esta terra nos ía acoller sen problema ningún, e isto ía ser o principio dunha nova e feliz vida.

María Prieto, (Viaxe a ningures)

GALICIA ESTÁ CHORANDO

*Galicia seguirá chorando
chorando polos seus ríos,
chorando polos seus montes,
Galicia estase contaminando.*

*A súa pobre pena
e posible cura,
un pouco de esforzo
só pode aliviála.*

*Esta é a nosa terra,
a terra na que nos criamos
quéroa e escoitoa
¡Lingua respetámoste!*

*Non chores Galicia,
eu pódote axudar
cun pouco de hixiene
abonda para te salvar.*

Andrea Vázquez Varela 3ºESO

Isto nunca llo dixera a ninguén..., pero dende hai pouco sinto un formigueo.

Non me atrevín a dicirlle a ninguén o que sinto, coído que non estou seguro do que é: se amor ou algo máis. Hai unhas rapazas que me traen tolo.

Os seus nomes menciónoos a continuación; as "fermosuras" son Lelia, Raquel e Parras, tamén hai que engadirlle á lista a Laura Pereira, Ana Mariño e Sandra Martínez. Todas son dun grupo ao que se unen Jessica Torres e Sandra Moreira.

E agora déixovos meus amigos e miñas amigas, pois só vos quero dicir que isto non vai en broma e non me darei a coñecer, non, ese segredo non o revelarei. Só quero volver dicir que son rapazas de bo ver.

Anónimo

¡¡Boas vacacións!!

Fin de curso fin de curso,
xa logo estas aquí,
oxalá veñas pronto
para irme a Dublín.

Ramón Noguera

Ollándonos

versos pensamentos opinións contos debuxos

nº 12



Nunca pensei que unha viaxe periódica e matufina coma esa me puidese cambia-la vida.

Tódolos días erguíame ás seis para, despois dunha longa hora no meu coche, chegase finalmente a traballar. Aquel día, era outro día frío e triste dunha mañá invernala. Cando me dispuña a marchar, un profundo e ardente estourido impedíu-me.

O sangue naciame da cabeza e lentamente esbaraba polo meu colo, coma río que surca pendente e agreste paisaxe. O sangue bulía, mesturábase con novas enfurecidas augas de surcos rebentados; formando unha gran lagoa no chan. Estaba tranquila ata que unha sensación húmida, pegañenta e espesa percorría tódolos meus sentidos. Agachei a mirada e vin como as vísceras querían nacer, saíndo apresuradamente do meu seo coma fillo prematuro. Dende esa inesquecible imaxe todo se volveu escuro e frío. Ata que, hai uns cantos meses, unha brancura infinita me abordou. Os meus vermellos ollos observaban un reducido lugar pechado. Un recipiente que me contiña, imposible de penetrar, o meu eterno fogar.

Non sei ben ónde estou nin o tempo que pasou dende o coche ata aquí, pero, só sei que non podo saír.

Daniela Vázquez Arias (1º Bach. Tecnolóxico)

As veces penso que o noso é imposible.
Pecho os meus ollos, intento imaxinar-te,
intento sentirte, intento amarte,
pero ti estás lonxe, es invisible.

Non entendo como, nin por que pasa isto,
só sei que te amo a cada momento,
tamén sei que me amas, pois eu así o presinto.
É una mestura de paixón, amor e sufrimento.

¿Por que o destino quixo
poñernos esta barreira?
Unha distancia infinita, sepáranos un mar de
terra.

Pero sei igual que me queres
e ti sabes que te quero
aínda que nãa separe un abismo,
aínda que nos separe o mundo inteiro.

Sempre estarei contigo,
acompañareite nos teus pensamentos,
bicareite en cada soño,
amareite con sentimento.

Eu teño unha esperanza,
sei que o noso é posible!
Soño con ese día e poder estar xunto de ti.

Poder dicirte aos ollos que o es todo para min,
soñar o mesmo soño e despertar ao teu lado,
poder amarte e á vez, poder sentirme amada.

Mais alá dos versos,
mais alá de toda poesía,
eu quero dicirte
que de verdade te sinto meu.

Pero isto non me alcanza,
talvez non poida conformarme,
Morro por ferte preto,
morro por poder bicarte.

Maldigo a este destino,
que nos separa s'á rancor.

Eu entregolle o meu corazón
tan só por estar contigo.

Se pensando en ti eu vivo,
a miña vida non ten outro sentido
que seguir agardando
a que ti esteas...

Cristina Díaz Varela



Gonzalo

Ollándonos

versos pensamentos opinións contos debuxos

LISISTRAPHES. ALTOCÚMULOS


« *Je t'adore à l'égal de la Voûte nocturne
Ô vase de tristesse, ô grande taciturne* ».

BAUDELAIRE

De tal furna de sexo e oración profana
o escravo da sombra pacífica de guerra.
Auténtico ceo crebado de amor,
basta que se desangue.

« *As a lone ant from a broken ant-hill
from the wreckage of Europe, ego scriptor* ».

EZRA POUND



Dixéronme un día (pola noite, para ser exactos): “nas túas terras houbo un poeta”. Si, porque por sorte ou desgracia os poetas cóntanse cos dedos das mans, os *facedores de poesía* son poucos. Vivir a poesía nunca foi -nin será- vivir dela, vivir a poesía é deitarse cos versos, coñecer cada sinestesia das posibles, soñar o fin das estrofas, e morrer..., morrer un pouco nas metáforas. Iso é ser poeta, iso é limpar bágoas con palabras.

Lois Pereiro, foi un poeta. Quen mo dixo sabíao coma min e coma todos os que violamos (cando non nos violan elas a nós) as frases.

Onde estas, Lois, deixaches que vivísemos un pouco contigo todos os poemas.

Alicia Fernández

VERSOS

OLLÁNDONOS

DEBUXOS

PENSAMENTOS

OPINIÓNS

CONTOS



LENDAS DE BÓVEDA

- A pena dos mouros.

O máis característico desta rocha é que nela se pode percibir unha cara humana.

Baixo a rocha encóntrase unha cova cunha entrada de tres metros de altura e 10 de longo que se fai máis pequena progresivamente até pecharse nun pequeno buraco, no que segundo a mitoloxía, habitaron os mouros que dan nome ó penisco.

Conta a lenda que unha rapaza do pobo de Remesar levaba as vacas a pastar ó monte onde se encontra esta rocha. Unha das mouras que vivía na *pena* díxolle á rapaza que lle sacaría os piollos da cabeza. Para pagarlle isto, á rapaza botoulle no mandil que levaba posto uns carbóns e díxolle que non os mirase até chegar á casa. O único que a rapaza podía ollar no mandil eran carbóns, polo que os tirou, aínda que quedaron pegados algúns. Ó chegar onde vivía viunos e estes convertéronse en ouro. Ó ver isto a rapaza voltou ó lugar onde os tirara pero non atopou nada, entón volveu á cova e cando chegou encontrou uns mouros que sabían o que fixera e castigárona meténdoa en aceite quente.

A nai da rapaza, que estaba preocupada ó ver que a nena non regresaba, foi na súa procura chamándoa polo nome “Doloriñas, Doloriñas...” e os mouros contestaron, “Doloriñas dolorón derretida en aceitón”.

Patricia e Raquel (4º A)

LEMAVO PARA PRINCIPIANTES

I

“Se che din chacueco, faite o liló”

¿En que parte do mundo se atopa vostede se escoita esta frase?

¿Que idioma é este?

¿É correcta esta expresión?

¿Que quere dicir?

¿Débome enfadar?

Atopar respostas ás anteriores incógnitas precisa dun traballo de investigación nada sinxelo, aínda que gratificante se un ama as palabras. Propoñémosche aceptar o reto que supón buscar as solucións; tómao coma un xogo, unha investigación que esperamos que che resulte divertida. Coa primeira cuestión ímosche axudar: se pensas un pouco axiña descubrirás que se trata de Monforte, e que o idioma non é máis nin menos que o propio desta zona, o Lemavo. As seguintes preguntas quedan para ti ¡seguro que podes con elas!

Mar Adentro.

O sábado fun ver mar adentro ó cine, gustoume moito, e pareceume unha película que reflicte moi ben a sociedade galega e tamén o entorno rural galego.

Sobre a eutanasia eu penso que se a persoa, quere morrer, que morra. Ademais penso que a calidade de vida das persoas tetraplécicas é moi mala.

Álvaro Naveira Núñez

DEBUXO: www.cintiarbarreto.com.br

“a mão que tu ME deste”

*Enviade as vosas ‘inquietanzas escuras’ a:

ollandonos@hotmail.com

PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Dende o ano 2000 a provincia de Lugo pode presumir de ter un monumento patrimonio da humanidade. 2.117 metros, 71 cubos dos 85 iniciais, construción que pechaba a romana *Lucus Augusti*, ese punto estratéxico de gran valor e de consideradas augas termais. Falamos das murallas, exemplo único, espectacular cinto, paseo gratuito, que todos admiramos cando nos achegamos a ela.

Pero hoxe, catro anos despois desa nominación, unha zona máis preto de nós pode converterse no segundo exemplo. Estamos a pensar na *Rivoira Sacrata*, a Ribeira Sacra, bañada pola auga dos ríos Sil e Miño, epicentro de non poucas actividades viables da sempre cambiante e adaptable oferta turística do século XXI. Mosteiros, igrexas, pazos, paisaxes de incalculable beleza, que configuran un conxunto ideal para selo tamén e, cecais o máis importante, convértese nun correcto elemento dinamizador das comarcas implicadas. Tarefa de todos e todas, sen ningún xénero de dúbidas.

Miguel Cumbras



Comba

Quizais a túa boca nunca se
perda
neste (xe)lado quente,
pero os teus beizos estarán en min,
nos meus pensamentos esquecidos,
n'algures...

Aitor G. Gacio

Irrádiasme co teu

desexo mais non
atopo consolo; sinto
danzar as igrexas
sobre o ventre que se
(me)

entumece

O cosmos fórmase todo un

mentres eu vou

perdendo un grolo
de azucenas descompostas en pequenos fíos q se
van convertendo en madeixas de la no bocexo orixinario,
vermello

e apertei as pernas
e pousei, entreabertos, os beizos en chama.

Alicia
Aitor

*Precisamos máis ollos, non deixedes de mirar...

ollandonos@hotmail.com

Ollándonos

Destino sen retorno



poema visual de **Elvira Riveiro**
(<http://www.culturagalega.org>)

**Bágoas inquedas que escorregan polas
túas meixelas;** verbas inacabadas

tremen coa incertidume da inquedanza;

olliños enchoupados en

esperanzas agoniantes... non loites

máis...¿Merece a pena?

Deixa que un vaivén de aloumiños e agari-

mo inquebrantable acompañen a

túa fuxida.

Xa marchas... noto como a sombra da des-
pedida te agarra pola man...

.....
Marchaches.....

L.L.M.

LIBERDADE, ¿existe en realidade?

Na súa totalidade non. É dicir, unha persoa adquire o adxectivo libre cando pode decidir por si soa o que quere facer, falar, escoitar..., pero ela mesma condénase a uns límites. Estamos limitados polo sono, pola fame, pola fe, polo amor. Non podemos facer todo nun día porque temos que parar para comer e durmir, non podemos facer certas cousas en certos momentos porque a nosa fe, a nosa relixión... non nolo permiten. Tampouco podemos namorarnos cando queiramos, pero si de quen queiramos. É o único aspecto que deixa algo de liberdade. Aínda así, ninguén é libre, uns máis ca outros, mais nunca TOTALMENTE LIBRES.

versos

pensamentos

opinións

contos

debuxos

Lorena R. de la Fuente

A SOIDADE

A soidade é esa travesía constante
Que envelena os teus días
É esa agonía surda
Essa prisom

Essa morte em vida que te invade
Esse fel resseso

É umha derrota antiga e amarga
Fiel e dolorosa

A soidade é um cancro na esperanza.

Ramiro Vidal

De botar o mar polos ollos,

que ocorra nunha cidade

onde a orientación desapareza

e os xogos de nena non existan.

Onde as cores verdes estean preto

-uns metros é suficiente-

e as mans de millo apreten as ideas
(ou as tetas).

Onde ti sexas procura.

Onde ti (me) habites.

Alicia Fernández



OLLÁNDONOS

Versos
Pensamentos
Opinións
Contos
Debuxos

-TEMPO PERDIDO-

Unha dor nun intre,
sentimento desacougado,
miradas reflectidas no bacio,
a felicidade nun caixón perdido.

¿A quen mirarás agora?
Respostas voando no ar,
suspiros de anhelos, bicos de
felpa.
Tíñate tan preto e lonxe ó mesmo
tempo...

Compartindo Palabras

Saloucando baixo a lúa chea
duns tempos estraños, desfeitos.
Tiramos da cadea
dos fíos verdes dos vermes.
As mazás podres do inverno
saloucando piedade.
Felicidade ínfima do tempo.

G.



*Teñen algo especial, que nos fai soñar,
céganos, íspenos, e logo...
vótannos a voar...*

*Perdámonos entre bágoas, que nos inundan na soidade...
e pouco a pouco, encontramos o camiño á liberdade...*

Anónimo



Laura

Quero escribir algo distinto,
mais non me saes do pensamento;
nel so estás ti, coma un tormento,
iso es, un tormento no meu pensamento.

Sandra Moreira (4ªA)

Son unha alumna de 4º ESO B, e quérovos contar unha simpática ocorrencia: facer unha torta de castañas para comer na aula... As cociñeiras fomos Adriana, Tania, Andrea e mais eu. Quedamos un día pola tarde para merca-lo necesario, e puxémonos mans á obra. Pasámolo xenial.

Ó día seguinte na aula sacáronnos unha foto, e comezamos a comer. A verdade é que a torta estaba un pouco empachosa, pero como o que conta é a intención, pois iso. Por certo, se algún día precisades axuda na cociña, non dubidedes en chamar a '4º ESO B repostería', e acudiremos de contado.

Sandra


Ollándonos

versos pensamentos opinións contos debuxos

11 de Outubro

Berrar Galiza

berrar bágoa de mil afluentes que se adentram raiz sede de terra
e de universo que comece no teu cala-frio
Berrar pola voz roubada esquelete ramificado na tua orixe
umha arela imperfecta
formigueiro das nossas noites assalto ao muinho sepultado na terra
apodrecida
acougo na humidade luita leitosa Lola José
Seria abrir as horas unir as peles mais fondas
lamber todas as fontes
e os sexos e a ponte dos recordos que arda sobre o océano
que nom nos deixem só fotografías baixo as lousas das cidades
Berrar brinco do sonho estoupido silêncio que golpea a torre
barco de néboa das nossas miradas rotas
remorso espido dum dia atrapado na caixa registadora deserto
Berrar: doi a raiva dos montes a raiva do desengano do futuro
as paredes inscricas que suam raiva
o pescoço da esperanza a ferida de todos os versos apagados
os enredos das nossas pegadas o caducar-se dum rio dumha ledícia
imposíbel
povo armado de história de língua de mencerer
povo de suor acedo orvalho de reixas tortas
armado coas áncoras deslocando o céu as máquinas a mentira
Berrar que somos aínda sem pocimas válidas
ferramenta vendimia sementes de liberdade asubio no tempo crisálido
como retorcendo-se a serpe o abraço esquecido.



**Non
son
indefensa-inxenua na
cidade,**
(aínda que leve
puntos
suspensivos
no ollar).

Senlheiro

NO REGATO DE BALDEIROS

Nesas noites de muxicas arroiadas
-vagalumes reloucando polo ar,
frangullíñas de estrelas peneiradas
traendo de moi lonxe un marmexar-

unha arpa de músicas divinas
derrama nos penedos debuxados
a linguaxe antiga dos arxinas
coa pátina dos luaires encantados.

Cantan ledos os grilos gallofeiros,
croa rapsodias un sapo tarambaina
dende o húmido reino do Baldeiros.

O tráfico da vida, unha lilaina,
o terte comigo nesta andaina.
¡Que guapos nos teus ollos os luceiros!



Colaborede mandando imaxes, olladas en papel.
De pechar as pálpebras, estar observados polo feito.

Xa queda menos para as vacacións.

ollandonos@hotmail.com



Ollándonos

por **panchez** o 28/04/2004

<http://www.aduaneirossemfronteiras.org>



E o brión chorou

Ela sabía que nalgún momento el aparecería e non podería negar a súa presenza, non podería fuxir porque os seus pés, atados ó desexo de atopalo e de entregarlle o seu sangue, a súa mirada turbia e rota, impediríanlle afastarse, emprender a carreira que lle salvaría a vida. Atopáronse no bosque o primeiro día do outono. Os aldeáns comezaran a vendima e asaltaban ó atardecer o bosque en busca de leña para o inverno. Recendía a azucre e a resina, ulía a medo e a desexo. O tempo permanecía suspendido nunha delicada bóla de cristal, nun raio de luz que, en segundos, se quebraría como un grito de dor. Ou de pracer.

O brión aínda húmido polas últimas chuvias ofrecíase como un leito mol e apetecible. Era o lugar máis delicioso do bosque para o encontro. Ela tiña medo, el quizais tamén, pero ningún dos dous coñecía o medo do outro. Ou si, pero así son os contos. Miráronse moito tempo, facéndose o amor cos ollos, sen acercarse, emborrachándose co ulido que os seus corpos despedían, coa vertixe e o abandono das súas miradas, desexándose, demorando o momento de derramarse sobre o brión, húmido e oloroso. Os ollos dela nubráronse e gritaron: podería saltarlle á xugular, esfameada e violenta, pero non o fixo. Gustáballe o xogo, o goce do lento pracer da espera. E el, cando viu que asomaba o definitivo estremecemento de desexo nela, cargou a escopeta e disparou. Ela caeu sobre o leito tupido e mol, tremendo na pequena gran morte, sangrando algas e peixes amarelos. El, o cazador, achegouse á loba ferida de morte e acariñouna ata que cerrou os ollos, xusto no momento en que o brión comezou a chorar. Ulía a almiscre, a framboesa e a menta fresca. Quizais tamén ulise ó doce aroma dun cigarro rubio e á acidez das axilas suorentas do cazador que sorrí, gozando de ser o único que posúe o privilexio de facerme dano.

Anxos Sumai

(*Anxos de garda*. culturagalega.org)

Ollándonos

versos pensamentos opinións contos debuxos

O FUME COS ANOS MATA DIAGNÓSTICO: CANCRO

Se dicimos piróxenos, alkilcatecoles ou nitrosaminas quedamos igual que ó principio, sen decatarnos de nada. Pero... ¿e se dicimos que estes son algúns compostos canceríxenos que están presentes no tabaco?

Cando se produce a combustión nun cigarro, xéranse, por raro que pareza, dúas correntes de fume: unha é a principal ou aspirada polo fumador, outra é a secundaria ou a que escapa polo ambiente que nos rodea. Sendo o que respira este último fume, fumador pasivo, o que trae consecuencias moi graves sexa quen sexa o que respira ou fuma.

A forma máis estendida do consumo de tabaco é o cigarro, no cal se identificarán arredor de 4000 compoñentes tóxicos, de entre os cales podemos citar:

- **Nicotina:** substancia estimulante ou relaxante do sistema nervioso central, responsable dos efectos psicoactivos das substancias e da intensa dependencia física que o tabaco provoca.
- **Monóxido de carbono:** substancia que se adhire á sangue dificultando a distribución do osíxeno polo corpo.
- **Irritantes:** son tóxicos e responsables da irritación do sistema respiratorio.



Efectos que provoca e conclusión:

- **Efectos psicolóxicos:** relaxación, sensación de maior concentración que acaba en dependencia psicolóxica e reacción de ansiedade e depresión, ligadas á dificultade para deixar de fumar.
- **Efectos fisiolóxicos:** farinxite e larinxite, dificultade respiratoria, tose e expectoración, merma do sentido do gusto e do do olfacto, mal alento, color amarelada das unllas e dos dentes, bronquite, cancro de diversos tipos: boca e estómago, pulmón, ril...

Algúns dos datos importantes son os seguintes:

- O tabaco é tralo alcohol a segunda droga máis consumida polos epañois. O 68% dos cidadáns de 15 a 64 anos probaron o tabaco nalgunha ocasión.
- Entre a poboación fuman xeralmente os homes máis que as mulleres.
- Os estudantes de 14 a 18 anos consumen cantidades elevadas de tabaco.
- Entre os estudantes da E.S.O e/ou de BAC, as raparigas superan ós rapaces no consumo deste vicio.



Santiago Fernández Rodríguez

Xa leo as liñas das mans
 porque das caricias
 aprendín
 a verticalidade.

Alicia Fernández

*"Monta na miña lingua, (ou fala comigo...), dime contos xa podres,
 pláxiame o silencio, e bórrame cunha goma cando NON me precisas ao teu lado".*

Alicia Fernández

Colheitate na palma da mao um desejo
 raquíptico
 baptizado por pontos suspensivos..... - Nom,
 nom o volvo fazer, mas repasso os ruídos de cisterna nas cadeiras
 e nas paredes aditas à cocaína, algunha leganha remota entre as luzes hipócritas
 roubou o teu nome: 20 minutos
 e um segundo para lamber-nos, como caos esfomeados, o pescoço.
 Aprendi a ser free rider, ainda que só seja da dor, aprendi
 que as histórias requerem bolas de papel ardendo
 auto-ódio no alvorecer
 desperdícios.
 - Isto nom é para ti nem por ela, é para mim.
 Tu senta-te diante
 quita a maquilhagem e embadurna-te com algunha noitesuja,
 as minhas pulgas estremecem-se perto
 das tuas coxas.



Olaia Pazos
 andar21.fiestras.com

ollandonos@hotmail.com

Ollándonos

Quero ser a túa pel no inverno
 para que o frío en ti non entre.
 Quero ser a luz no teu camiño escuro,
 o sol na túa noite;
 ser distintos corpos cun mesmo fin.
 Quero sentir o roce do teu corpo
 xunto a min;
 sentir o recordo dos teus beizos
 e sentir eses ollos que fan dano ó mirar.
 Quero ser, amor meu, eu en ti
 e ti en min.

Azahara López Balado

Jessica Torres Castro

4º E.S.O

senheiro

10 / 9 / 2002 6:52

Ollándonos



COVA DOS MOUROS

A tradición popular sinala que esta cova ten 1Km de lonxitude, con tres galerías, un pozo e dúas entradas, atopándose unha delas pechada.

Xa dende hai moito tempo circula entre os veciños unha lenda que conta que hai anos soltaron un galo na entrada da cova, e o animal escoltou cantar días despois no lugar de Pacio do Río; pensando os veciños que o percorrido desta cova uniría os lugares de Eimer e Pacio do Río.

Raquel Resco e Patricia Rivera

O DÍA MÁIS AMARGO

Ocorreu tan de súpeto, que cando o souben non o crín, é que parecía unha mentira feita para estragar toda a felicidade que me facía sentir a liberdade de ser eu mesma, de obter todo o que había tempo desexaba;

"calma" -pensel-, "será pasaxeiro"; aínda agora lembro esas palabras que me produciron o engano; podía ser un desafío contra a miña personalidade, pero non, era algo máis, un feito que me desbordaba, que xogaba cruelmente na miña cabeza, para min insoportable como o que máis, fíxome tocar fondo.

Agora xa un mal recordo, que intento, se non pode ser olvidado, polo menos convertelo nun xoguete perdido no meu armario.



ENXURRADA DE LETRAS

GrupoPorO

VisualObxectual

(<http://www.diariogratis.com/2118>)

Estibaliz Ciarusta

non importa a cadencia
das pingas
na sinxeleza

damos as mans
como intemperie
lavándonos de inverno

Alberte Momán
(os paxaros de inverno)

As néboas entreabertas berran feridas

Esquecen dores sufridas

Un autorretrato Khaliano

Do meu rivera imaxinario.

Morro e non teño quen por min chore pois as bágoas da
humanidade estinguíronse.

As estrelas son vagas entrabertas.

Ciros de xeo pútrido chumbo colérico

Non teño quen chore por min cando morra, pero si cando
apodreza.

Mónica

Ollándonos



Maks

*"Ninguén ama tanto coma ti
a miña axila,
nin se lamentaría coma ti
se ela morrese"*

Edward Thomas

Brunir coas dedas un corpo poroso
que as mans xa alá foron
perforadas
polas estacións
sen nome
brunir esa pasta de ágata
até o abrente
e que che fique a corola
como porcelana
brunida.

Elvira Riveiro Tobío (ARXILOSA)

Cada ringleira de luces na cidade:
uns puntos suspensivos no meu útero.

Cada beixo de mar e millo:
unha onda nova nesta epiderme.

Alicia Fernández
Botar o mar polos ollos

Ola, eu son unha rapaza de 4º da ESO e escribovos para darvos a miña opinión sobre o libro *Merlín e familia*, pois este ano cadra co 50 aniversario da súa publicación, e a mestra de galego convidounos a lelo.

Eu xa o lin e gustoume moito, sobre todo algúns capítulos máis do que outros, como: *A princesiña que quería casar*, no que se nos conta a historia dunha princesa chamada Simona que acode ao mago Merlín na busca dun conxuro. De noite convertíase a princesa nunha bela cervatiña. Deste meigallo deuse liberado na noite de San Xoán. Este é un dos moitos relatos que nos presenta o libro, narrado non polo propio Merlín, senón que por un vello, que narra as diversas historias que viviu cando era neno e estaba ao mando do mago na súa casa de Miranda.

Eu convidó a todos aqueles, que poidan, a que lean o libro, porque aínda que está escrito nun galego antigo, é moi fácil de ler e entretido.

Patricia Rivera Lorenzo

A mudez aprendina nos primeiros berros,
ao non ter pronuncia delicada para os "sintoo"
souben que o silencio era propio no meu idioma.

Souben que o reloxo de area traía as bágoas todas,
souben que a cordaesperanza non estaba na pel,
souben que as túas miradas eran un mundo.

Souben tanto nestes silencios...

Souben marusia, sal gordo.

Souben esquecemento, cidades, palabras.
Souben máis do TI.

A mudez aprendina nos primeiros berros.

Alicia Fernández
Escalón, catorce do doce do dous cero cero catro.

ollandonos@hotmail.com ollandonos@hotmail.com
ollandonos@hotmail.com ollandonos@hotmail.com





SANTIAGO 23-03-71

Samuel Barklay Beckett naceu en Foxrock, zona suburbana de Dublín, o día 13 de Abril de 1906. É o segundo fillo dunha familia protestante acomodada. Realizou cursos brillantísimos en Dublín e na "Portal Royal School" de Enniskillen.

Escribiu entre 1946 e 1950 os seguintes titulares:

"*Mercier o Camier*"; "*Premier amour*"; "*La fin*"; "*Eleutheria*"(1947);

"*Molloy*"; "*Esperando a Godot*"(1948); "*O innomeable*"(1949), e ¡por fin!, as súas obras son publicadas.

Nos últimos anos escribiu cada vez menos ("*Fin da partida*"; "*A última cinta*"; "*Comment c'est*"; "*Oh les beaux jours*").

Problemas importantes para calquera home, si, pero...estamos vivindo un tempo no que xa nos convencemos – e os grandes espíritos os primeiros – de que se fixo inútil propor sistemas, métodos e receitas – léase concepcións filosóficas, relixiosas e morais – que lle servan a tódolos homes á vez; que xa ninguén pode escribir ou pensar polos demais; que ninguén pode ofrecer a ninguén un paraíso verdadeiro, "urbi et orbi", - entre outras cousas porque xa ninguén se fai coa ilusión de ter un paraíso aceptable que ofrecer- que de nada serve xa presumir de que se dispón da filosofía que haberá de levar á humanidade á meta soñada; en resumo, que xa non hai ninguén tan inxenuo que se crea o profeta, o filósofo ou o político do futuro, isto é, que cada quen buscará a súa salvación polos propios medios; que cada quen de nós somos un ser tan absolutamente incommunicable, tan estraño e diferente a tódolos demais, que non hai linguaxe capaz de comunicarnos con outro ser; que cada un de nós só entende a súa propia linguaxe. "Todo o pensamento actual volveuse hacia os malditos".

Esperando a Godot e Molloy.

Vladimiro e Estragón esperan a chegada de alguén ou algo chamado Godot. Exponse unha situación, pero esta situación non deriva, non evoluciona, non se resolve: anúnciase que Godot non pode vir, quizais veña mañá, e o telón cae. Dous homes-¿Dous?-esperan e mentres, falan. Falan de calquera cousa, pasan o tempo. Mais ¡ah!, ese pasa-lo tempo convértese, pola simple non comparencia da resposta á súa espera, na razón fundamental da súa existencia coma personaxes. O autor sabía que Godot non chegaría ¿Por que lle dá tan estúpida existencia? Ata aquí a cousa preséntase desgraciadamente demasiado clara para nós. ¿É iso a nosa vida? ¡Precisamente iso era ata agora! Beckett tróuxonos esperanza, a pesar de todo o que se dixo da súa obra: non é negativa nin absurda. Seroa con arranxo ás categorías "clásicas", pero se o home se desprende para sempre das bonitas "ideas", se se decide a "construír", se se empeña en lograr a súa propia linguaxe, a existencia do home resólvese en plenitude e salvación (saúde). Vladimiro e Estragón son un o eu do outro. O seu diálogo non é tal: é un monólogo (tam pouco un soliloquio; as personaxes de Beckett nunca están soas; polo menos non están soas; atópanse todos a si mesmos), un monólogo tan concertado que non hai discusión. Só preguntas e respostas, como as que un se fai a si mesmo.

¿Por que pon Beckett dous personaxes en escena? Porque o home precisa imáns, amor, odio, outro eu que lle descubra a súa radical soidade no mundo, e que á vez a complete, o console. É o segredo de tódalas parellas de Beckett. Cando nacen sós, a súa existencia é unha dolorosa búsqueda do outro; cando nacen en parella, a súa existencia convértese nunha conversa-monólogo ou nun amo e escravo ou nun verdugo e a súa vítima ou nun namorado e o obxecto do seu amor; sempre en alguén que devolve o eco das palabras do outro. ¿Que facemos cando falamos senón escoitar nos demais o noso propio eco, buscamos a nós mesmos? A palabra, a linguaxe é unha clave de Beckett. A linguaxe convértese así no único lazo que nos liga á nosa existencia, porque "existir" é percibirse, sentirse, oírse.

A palabra é o noso cordón umbilical, a única conexión coa nosa orixe, coa nai.

¿Non busca Molloy a súa nai?

Autor: Alfredo

Tradutoras: Malca e Tania (2º bach. Humanidades)

Boceiraba

no medio da rúa cun alén
de esperanza e volvelo ver.
Mentres, a xéida choiva mesturábase
na súa inerte face, coas ardentes bágoas
de sangue
e sufrimento, que manaban
incésantemente da
fonte dos seus ollos.

Non voltará



nº 2?

UN POUCO MÁIS PRETO

Deixa-la terra e coñecer outras xeografías, civilizacións e culturas, é algo que cada día se necesita máis na sociedade que nos toca vivir. E unha forma evidente de descubrir cousas distintas ás do vivir cotidián.

Trinta alumnos deste centro escolar acaban de te-la ocasión de experimentar deste xeito, achegándose un pouco máis ó corazón de Europa. Así, en Bélxica, que festexaba os 175 anos da súa existencia, viviron sensacións distintas todas elas enmarcadas nun proceso formativo, que escomenzaba propiamente dito polo lingüístico e abriase a outros moitos máis e diversos.

Coñece-lo Parlamento Europeo, poder falar con quen participa da elaboración política comunitaria é algo, quizais, irrepitible. Ver cos propios ollos un dos tres hemisiclos onde se lexisa isto, dictamina iso ou concede aquilo non é de tódolos días. E claro queda que hai que aproveitalo....e moito.

Todo iso no meollo de Bruselas, unha vila impregnada de belezas arquitectónicas de estilos variados, cumprimentada cunha funcional zona moderna. Un lugar ideal onde tirarse á piscina de falar unha lingua estranxeira sen medos nin tapuxos, pois errando e sen rubores é como se aprende. E ademais en Bruxas, bo exemplo de Flandes, ou en Namur, botón de mostra da Valonia, prazas que descubrir e ocasións para pór en práctica o que hora a hora, día a día, mes a mes, se aprende nas aulas.



Miguel Cumbras

Unhas vacacións
interesantes, ou, polo
menos, aproveitadas.
Sorte co cloro!

OLLÁNDONOS

no 26 curso 2005-2006

A ECLIPSE

O pasado luns día 3 de outubro foi lugar un feito de gran relevancia para o noso planeta. Fomos conscientes dos fenómenos, que nos visita con moza pouca frecuencia, e de que podemos ser testemuñas de preferencia, se que podemos situarnos nun dos mellores puntos para poder ver con claridade o eclipse.

Defínese eclipse como a ocultación total ou parcial dun astro por interposición dentro do mesmo plano. No caso do pasado luns día 3 soeiu debido a interposición da lúa entre o sol e a terra.

Ainda que isto soeiu a non correcta definición, a miña gostame máis a reflexión que Miguel Anxo Morado publicou no xornal "La Voz de Galicia" o martes día 4, titulada "A lentitude dos astros", e na que facía unha valoración de que supoñe a eclipse sobre a crente e na cal tamén consideraba como eclipse o análexa, un feito que ocorre todos os días e ao que non lle damos aprezo ningún.

Por iso se nos paramos a pensar, cada día seríamos testemuñas dunha eclipse.

Patricia Rivera Lorenzo

O BICO DA LÚA

Seu como dous amantes que se encontran por casualidade nos seus camiños e bécense vos pensados, pero levemente.

Bécense proclamando o seu amor, sen impartarlles que a noite estea a nublada.

Bécense, pero a lúa ten que seguir co seu camiño, e deixa o Sol chorando raios na Terra. A súa calor, nese intre, é para lúa, se para ela pero non importa.

Bécense, pero a lúa ten que seguir co seu camiño, e deixa o Sol chorando raios na Terra, facendo a lúa de noite nalgún lugar e chorando estrelas.

Agardando anos para voltarse ver uns minutos para bécenos e seu bico nun plato de cea invadindo os nosos corazóns cunha lixeira, co seu amor prohibido.

Non nos olvidemos deles aínda que non estean cunhas.

Cada día importante, e cada noite.

Obezanosellas as notas míticas uns instantes.

Non deixemos que se sintan vos, prechan bicos, biquitnosellas cos ollos. Fagamosellas máis curto o seu tempo de espera.

Cada día é importante, e cada noite ..

Laura Fernández Vázquez



Anxo Vazquez

ECLIPSE

O ballet cómico continúa. Houbo unha eclipse, un fenómeno no que a lúa tapou o sol e comeza a gobernar. Impresionante e entanecedor.


Adrián Casanova Chirlana

Ollándonos nº 27

Agochada na sombra
O lume acende
No meu corazón

Ti pensando en ningures
Sorris ao vento
Os teus ollos escóndense
Entre a lúa e o ceo


31/07/2005



E pechei os ollos
E abrí as ás
E viaxei contigo a outro
lugar
E o meu pranto
Sobre a túa faciana
Gotas de choiva caen no
mar

Rozar teus beizos
Cos meus beizos
Xuntar as mans

26/07/2005



Coa túa brisa esperto
O lume se aviva
O recondo
De prantos e risas

No sorriso donaire
Belido é o teu mirar
Que enraiza o meu amor
No teu lar

E se hoxe é tarde
E se hoxe
o lume non acende?

Aiða López Casado
4º ESO B



O que usa sombreiro (en días de vento)

Noa Moreira García.

*a tolema é un sombreiro que se pon e se quita
cando un quere e se sabe controlar.*
Fran Alonso, *Males de cabeza.*

Sabes
que non podo vivir sen monte,
porque non existen máis cores
que o verde,
non dentro de min,
e sábelo todo,
segue chovendo
e eu non te oio cantar.

non durmo tanto,
porque prefiro soñar...
e escribirche...
e pensarnos...
porque
amarte non ten fin...
[de momento]

xa non hai agosto,
nin risas estreladas
nin sorrisos que se estrelan contra o ceo,
remataron as viaxes
para descubrireme paraísos
que aínda nos esperan
no máis profundo de Galiza,
hoxe soñarei que soñas comigo...
...pero XA!

pésanme as pálpebras de pechalas en ti,
leváchesme a maxia,
pero devólvesma en pequenas doses
a través do fio que nos mantén unidos
nas bágoas que non botamos,
tárdasme... tanto... tanto... tanto... tanto... tanto...
que prefiro recordar a soñar,
[ou non]
quero verte... mirarte... mirarte... mirarte... toda a tarde



Ollándonos

27/11/05

I.E.S. DAVIÑA REI

Lemavo para principiantes

Autor: **Foño**

Deseño: **Aida L.C**



- O Cachimbas e mailo Pelouriño foron á romaría de Vilachá e pintaron a cana verde.
- Quen dices que foron?
- O Cachimbas e mailo Pelouriño.
- E ises que veñen sendo?
- O Cachimbas é o Manuel, o fillo da Lareta, e o Pelouriño quen vai ser, o Fuoco, o fillo do Pelouro.



Como noutras zonas de Galicia o uso dos *alcumes* é moi frecuente no Val de Lemos. Nesta pequeno diálogo podemos ver unha situación onde son empregados para referirse a dúas persoas. Ademais vemos que se producen casos nos que os alcumes son herdados, converténdose nunha forma de identificación de toda a familia.

Tamén aparece un dito popular, "*pintar a cana verde*", usado noutras comarcas galegas pero que aquí escóitase con relativa frecuencia entre os maiores.

No texto vemos tamén o uso da forma *ises* pola forma correcta *eses*, o uso do castelanismos *dices* pola forma galega *dis*.



Un día de sol,
Pode morrer de pronto;
E todo o que vías,
Semilla como morto.
De pronto, **resplandor.**

A túa paisaxe,
Todo son tebras,
E de pronto, **lembras.**

É o feito excepcional,
▲ eclipse.
A marabilla sen igual,
▲ eclipse.

Nunca antes a **viras,**
Nunca antes a **sentiras.**

Tardará moito en volver,
E quizás **Xa** non estés.
Síntea!, hoxe que a ves.

Paula Martínez García
1^o BACH A

Photo by Dominik Pasternak (MOA)

Era un soleado día de outono. Estabamos xogando no parque e ninguén lembrábase do que estaba a punto de acontecer.

De súpeto, escureceuse todo, pero no aire había algo extraño: a escuridade nunca fora acompañada dun resplandor tan desmesurado e intenso. Alguén berrou:

-É a eclipse! Vin a noticia no telexornal!

-É certo! Non me lembraba! Non se pode mirar! Dixo Sofia.

De pronto, un estremecedor berro sorprendeunos.

-Non vos vexo as caras!- dicía Pablo.- Vexoas ser defini, como cando ocultan o rostro dos menores na prensa!

Choraba desconsoladamente e a súa moza quedara pasmada, quieta, sen realizar nin un só movemento e sen poder articular unha soa palabra. Unha lágrima esvaraba pola súa meixela. Era o único movemento que se apreciaba na súa faciana. Mar parecía unha figura, unha extraña, unha auténtica descoñecida.

Alguén realizou unha chamada, cegaron os médicos. Dixeron cousas entre eles, cousas que nós non entenderíamos pero que percibimos nun ton moi lonxe da preocupación: algo pasara.

Levaron a Pablo. Mar seguía inmóbil. Asustámonos. Tamén a levaron a ela. Dixeron que estaba nun gran estado de Shock, pero que se lle pasara.

-Bip, Bip, Bip Bip "wake up"!

-Pum!

Nunca me sentiría tan feliz de oí-lo seu son. Todo fora un soño. Fun almorzar e a miña vista clavouse no almanaque.

Era o día da eclipse. Non sei o porque, pero púxenme moi nerviosa. Chamei ás persoas que aparecían no soño. Sabía que non se cumpriría, xa que había clase ...pero por si acaso...

Deseño: Aida L.C

Paula Martínez García
1^o BACH A

O mellor xa é tarde para **cambiar**, ó mellor o que onte era o máis importante hoxe xa **NON** significa nada...

Porque **Xa** estás **farta** de mirar cara fóra e que na túa ventá soamente chova... **Outra vez** o frío vóllete pillar sen abrigo; **outra vez** a choiva golpéate de fronte na cara, e ti ahí, sen poder facer nada; que para **chorar** son malos tempos e o **sorrir** xa non che sae de dentro...

Ves as noticias e nelas todo son **desastres**, e pensas que tes **sorte**, que a túa vida non é así, que ti es **feliz**... pero en realidade... quizais a túa vida non é tan boa, ó mellor tamén é un **desastre** aínda que ti te empeñes en facer que **non** te decatás...

Pero por moito que trates de mirar **máis alá das** imperfeccións do teu propio mundo... non es capaz, elas volven **aparecer** diante de ti, no medio do camiño, complicando **todo aínda máis** se é posible...

E ¡Deus!... Como desexas **volver atrás** e **recuperar o perdido**, e **remediar** o que fixeches mal, e volver **recupera-la inocencia**: esa que fai que o **pareza** un pouco mellor, esa que non te deixa ver a maldade das persoas, esa que moitas veces **botas en falta** na túa vida...

E desexas tamén atopar unha persoa á que darlle toda a túa confianza... e cres atopala... mais a **realidade** é que só estaba a xogar contigo... a esa persoa dalle igual que ti sexas como unha **fráxil herba tratando de combater o farte vento**...

Impórtaslle tan **pouco** que en canto **o vento cese** e poidas **pasarte no chan** pasará por encima de ti sen **aportarlle** o que deixa de abaixo... **tratarás** de volver **avivarte** con forzas renovadas... **forzas** que outra vez **gas-tarás**... Pero... **serás**

forte! volverás recuperarte **despois de** cada golpe **estes non matarán nunca as túas ganas** de seguir, **o único que conseguirán será facerte máis forte**...

chegará o día en que te decates de que **Xa** nada che fai falta, só a túa familia e de vez en cando un anaco de tempo para ti... e ó final descubrirás que por moito que che coste, aínda **non esquenciches** como **sorrir**... e sorrirás de novo, e con ese sorriso **seguirás** o camiño da túa **vida**, acompañada dos teus recordos e ó lado dos teus, eses que **nunca se irán**, e daraste conta que, a pesares de todo, **aínda tes tempo para tratar de ser feliz**.



¡Ainda nos queda o Nadal!

A pesares de que para os centros comerciais o Nadal xa comezou, para a maioría de nós faino o 23 de decembro, cando a tódolos estudantes lle dan as vacacións. Nese momento o rebumbio que se monta é espectacular, os adornos de Nadal xorden do recuncho máis afastado e poirento da casa e, cando por fin os recuperamos, parécenos que non están suficientemente actualizados de forma que corremos ás tendas máis "chic" para mercar outros, menos bonitos, pero máis sofisticados (moi parecidos ós que aparecen no "Hola" ao carón dos famosos máis cotizados).



O tema da comida tamén é de órdago, á bendita que lle toca ten que organizar a cea de noite boa, a comida do Nadal, a cea de fin de ano... para tal número de familiares, os mesmos que o resto do ano no dan sinais de vida, igualito que o turrón "el almendro". Según as enquisas, que neste caso parecen bastante cribles neses días gastáranse máis cartos que nos meses seguintes.

Non esquezamos os agasallos, o máis práctico é facer unha lista con tódolos agraciados e ir tachando a medida que atopamos o detalle máis adecuado e que sempre compace máis ó que merca que ó que o recibe: ó final xúntaste cunha morea de cousas inútiles que poucas veces utilizas máis dunha vez.



Por uns días aparcamos as desgrazas, as reivindicacións, as protestas, as catástrofes, as vítimas e, espero que tamén as rancores, para transformarnos en máquinas de mercar.



Un punto á parte merecen os nenos e adolescentes que entre os móbiles de última xeración, as "play station", os mp3 e sabe Deus que serie de aparellos impronunciábles para os pais, deixan tremendo a economía familiar.

Nada queda da verdadeira orixe do sentido do Nadal, mais de tódolos xeitos...

¡Feliz Nadal para todos!



Ollándonos nº 32

Autora: Blanca

31/11/05

JES DAVILA REZ

A NOSA LINGUA

nº33

6/12/06 I.E.S. DAVIÑA REI

Ollándonos

Cando era nena
O galego non amaba
Por iso non o falaba,
Dicían que era a lingua
Dos pobres e o castelán
Dos nobres.

Na rúa o galego non se
Empregaba, aínda así meus
Pais o falaban.
Eu non chegaba a entender
lo feito de tanto esconder!

Logo moito máis a diante
Falaba e falaba galego,
Máis algúns non mo aconsellaban,
Atopábame fronte a un muro
¿Que sería do meu futuro?

Agora que vou medrando
Miña lingua vou comprendendo
O que valedes ti, a morriña, e
As tradicións desta terra miña.

Moito tempo houbo que esperar
Pero hoxe en boca de todos está
Herdado ou estudado
lo galego, por fin amado!

Eva Maceda Rodríguez
1º ESO B



cuarta

non aprendín (soa) que
o tacto
leva, -tamén-, escintileo

(véxase: sinestesia).

non souben situar as
figuras, xeroglíficos, pinturas*,

nin expliquei,
-tampouco-, siluetas nun pallote:
sentido
sendo.


e hoxe, no embigo do brión
regáloche un Belén enteiriño.

para ti, Begonte;
para min, *carmen*, *carminis*.
un só poema.

*enténdase como sinónimos nunca arte miña



5 postais de nadal




quinta (ou canto)

adeste fideles laeti triumphantes
venite, venite in Betlehem...

das últimas noites do ano
recordo a cor verde:

carriza,
acivro,
ceba,

esperanza.






segunda

unha foleira pequena
en cada p | e | s | t | a | n | a.

demoro o salferir
con xeito tenro,
e non, non choro.

a derradeira estrela:
suplico polo voso desexo.





terceira

levo nas unllas as panxoliñas,
as luces no mirar.

eu, doce-típico
ao ollarme,
pénsome no troco do meu pai
(unha cantiga por unha filloa):

*cantámoslle os reises do kikirikí
se non nos dan marchamos de aquí...*

e durmo, d e s p a c i o,
logo da nevarada.



Como moitas cousas na vida, as actitudes individuais non son sempre sinónimo de avances. Os esforzos de cada un, loables e de gran importancia, requiren do posterior traballo en común para da-lo seus necesarios froitos.

Cecáis falar do sistema de calidade fainos pensar no párrafo anterior, pois todo o moito e válido acadado, foi a recompensa a unha tarefa en conxunta. Pasos dúbidos, difíciles, posteriormente etapas máis doadas e beneficiosas, ata chegar onde chegamos, craro está pola aportación do colectivo.

No curso actual, por razóns diversas e coñecidas, entramos noutra fase, noutros momentos. O que non cambia é a función da nosa comunidade educativa que de seguir colaborando e imbricándose alcanzará novos logros e máis metas. E o que tampouco varía é o obxectivo primordial: un *Daviña* digno, adaptado ós tempos e ás realidades, onde traballar fágase gustosamente.

A vestal nace no curruncho dos libros,

E aniña na nos do touro. CHAVE

A vestal ri con xolias
En fronte dos pinos

E o tempo remata cunha camiseta.

23/07/2005

A tea de fel e navallas
Que me arrinca as costas
Balborda o cheirume a sono
Polas mentiras sen xeito.



Crávanseme nas unllas
As túas verbas-espello,
E rabúñame as pálpebras
A leria salgada túa,
E a lenda túa -madia level-,
E o bico pétreo
Se me fala en ferinte,
E os ollos vivificantes
Cando me asorellan.

Crávanseme nas unllas
As túas verbas-espello,
Porque espellan nas fiandeiras
Do runxe-runxe.



O veneno dos cinmes tinxe o padal
E fai cuspi-los bicos que non se dan.
Caréname a boca do estómago
E salóncame da cama ó chan
Cunha aguillada, porque
As verba-espello refliten
Pel de area e mans de viúva.

MYCOPHYTA, MICÓFITOS, FUNGOS

Os fungos poden considerarse derivados das algas, como adaptación á nova vida heterótrofa. Carecen de clorofila, así como doutras substancias de actividade fisiolóxica semellante. Son por tanto Talofitas sen clorofila e por esta razón non poden elaborar por si mesmos substancias orgánicas (glúcidos, lípidos, proteínas, etc), como o fan os organismos autótrofos.

Estas substancias téñenas que adquirir elaboradas, ben sexa doutros seres vivos (fungos parásitos), de substancias orgánicas en descomposición (fungos saprófitos) ou da asociación con outros organismos (fungos simbióticos).

O tránsito filoxenético entre as algas e os fungos, aínda que é aceptado por todos, non está hoxe en día por completo aclarado. A existencia de algas carentes de clorofila, de fungos que viven na auga que se reproducen por zoosporas e teñen espermatozoides, son probas deste proceso filoxenético. Pero iso aínda máis, que os fungos derivan das algas, principalmente das Clorofíceas.



Morfoloxía:

Son seres pluricelulares, raramente unicelulares, en xeral diferenciados en órganos vexetativos de nutrición e órganos reprodutores. O seu "talo" (aparello vexetativo) nos grupos inferiores é espido e amebaide; nos grupos superiores as células están rodeadas por unha membrana que dá case sempre a "reacción da quitina" (compuesta por este polisacárido), en moi poucos casos a da "celulosa." O corpo vexetativo (talo) é finamente filamentoso, sinxelo ou, con maior frecuencia, ramificado. Adoita estar constituído por filamentos, denominados HIFAS, de crecemento apical, que ao entrelazarse enxendran unha trama, O MICELIO. Este pode entrelazarse frouxamente constituíndo un falso tecido, o "plecténquima", ou máis apretadam ente "pseudoparénquima".

As Hifas poden ser sinxelas ou ramificadas; sen tabiques de separación, por tanto unha gran célula plurinucleada, ou ben con tabiques de separación, pluricelulares. No primeiro caso denomínanse os fungos Siphomycetes (Phicomycetes), no segundo, Septomycetes ou Eumycetes (fungos verdadeiros).

O contido celular das hifas, é dun "citoplasma" cun ou varios núcleos, xuntamente con granulacións que constitúan o "condrioma" formado por condriosomas, corpúsculos refrixentes de natureza lipo-proteica que se tinguen con hematoxilina.

É evidente que proceden dos condriosomas activos das algas, susceptibles de transformarse en plastos. Cando as hifas envellecen vacuolízase e quedan baleiras e inactivas.

Ao conxunto de vacuolas chámanseles vacuoma. Estas posúen, cando as hifas son activas, un líquido con materias de reserva de propiedades coloidales do tipo da metacromatina.

A membrana das hifas non ten sempre a mesma composición. Como xa dixemos, ás veces é de celulosa, como a membrana de moitos ficomicetas e cogomelos das Agaricales.

Outras veces a membrana é nitroxenada, como ocorre na maioría dos Eumycetes; A denominada "micosina", análoga á "quitina" do exoesqueleto dos Artrópodos.

Por teren a membrana nitroxenada, o contido de nitróxeno nos fungos é moi considerable. Sen embargo o nitróxeno en forma de quitina é difícilmente atacable polo suco gástrico e por tanto na súa maior parte non se dixere.

Reprodución:

Os fungos presentan dúas formas de reprodución: asexual e sexual:

A "asexual", é máis ben unha multiplicación que unha verdadeira reprodución e pode realizarse dos máis diversos modos:

Por fragmentación das hifas e o desenvolvemento destes fragmentos; por formación dos esporanxios no micelio e en cuxo interior oríñanse esporas asexuais (endosporas); por esporas asexuais esóenas (conidios). Como variante destes últimos, temos a descomposición dun micelio nas súas células integrantes, que se transforman en novos individuos, "oidios".

Hai ademais esporas de resistencia, que son auténticos quistes, de fecundación endógena e protexidas por unha forte membrana (Clamidosporas). A reprodución asexual é o modo principal de reprodución nos fungos nas fases de vida activa; A sexual ocorre nas fases de decadencia da súa vitalidade, cando as condicións do medio lle son desfavorables.

Os esporanxios e conidios atópanse colocados sobre soportes micelianos, os "esporanxióforos" e "conidióforos". Como nas algas, os fungos máis primitivos son de vida acuática e por tanto as súas esporas adoitan ser mábiles (zoosporas).

A "reprodución sexual" é de maior complexidade e, en moitos casos pouco coñecida. Sempre interveñen os núcleos de signo contrario na formación do zigoto diploide. En formas primitivas pode haber excepcións e realizarse fenómenos de "apomixia" (apo, fóra e mixis, mezcla), ben sen formación do zigoto (partenoxénese), zigoto formado por fusión de núcleos do mesmo filamento (apogamia) ou por se-lo núcleo diploide (apospoia).

Nos fungos cercanos filoxeneticamente as algas, os gametas son mábiles flagelados, con macro e microgametos (heterogamia) como nos Blastocladiales, pero non podemos falar de anteridios e oogonios, sino de gametanxios; nos fungos de vida acuática existen espermatozoides flagelados, producidos en anteridios, fecundán oosferas producidos en oogonios como nos monoblefaridales. Rara vez se presentan típicos nos fungos anteridio e oogonio, coa excepción dos indicados e certos Encosmycetes. En zigomycetes fúsiónanse órganos filoxeneticamente iguais, pero de signo contrario, que producen un polizigoto.

En basidiomycetes, as hifas monocarióticas (cada célula cun só núcleo) únense formando hifas dicarióticas, nas que certas células eleixidas, fusionan os seus núcleos (gametas) e orixinan o zigoto; nalgúns Ascomycetes os oogonios poden prescindir dos anteridios e unirse con conidios e oidios que fan o papel de gametanxios masculinos.

Os zigotas ou polizigotos, previo estado de repouso, entran en actividade multiplicando o seu núcleo por "meiose" (división reducional) producindo esporanxios e esporas de orixe sexual monocarióticas e haploides. (gonosporas). As de orixe asexual eran plurinucleadas.



pusaq eu e ela

aínda coñece esta enxebras,
tampouco a mesma ignora patriotismo.

anteñoño o d.prefiro alimento.
prefiro alimento.

es doce coma un ovo
e
es delicado coma o mel.

xamais comprenderás os opostos,
paréntese *meu neno simple...* paréntese.

na fala as antíteses todas.reiteración.

adoras a miña fraseoloxía
sen ser traductor nin voyeur.

Non ao maltrato



Malditas persoas que maltratan a outras,

por ser distintas a elas.

Malas persoas que as maltratan e matan,
por non ter corazón.

Deberían facer o mesmo con elas
para que aprendesen a lección:
xa que son malvadas e violentas

por non respectar a diferente **raza** ou **cor**.

María Saco Cobas e Maira Díaz Armesto. 3º ESO - B

AMPLIA-LO ABANO

Falar de educar, de ensinar fainos pensar nas aulas, nos espazos onde desenvolvemos a nosa tarefa cotiá. Convencionais ou tradicionais, con tecnoloxías modernas ou elementos clásicos, as clases son os lugares escollidos para levar a cabo o pouco valorado traballo dos ensinantes, clave nembargantes no avance dun país ou civilización.

Pero como todo na vida, as cousas cambian, os tempos mudan as circunstancias e ofrecen outras ferramentas, variantes complementarias do que se fai a cotío entre as paredes dun centro escolar. Estamos a falar de saídas, visitas, viaxes, debates, conferencias, calquera actividade con finalidade pedagóxica que permita enriquece-los coñecementos dos nos@s alumn@s. É un algo case obrigatorio, algo individual por materias pero de conxunto na escola ou instituto, que pese ás súas dificultades e traballo, di moito do esforzo dos docentes en si.

Como reza o titular trátase de amplia-lo abano, de sacalos contidos dos pupitres e leva-los máis aló. Contribuír, sinxelamente, ó proceso formativo dos mozos e mozas que teñen nas aulas e fóra delas lugares onde aprender todo o bo da vida.

Autor: Miguel Cumbras

Deseño: Aida L.C

Deseño: Aida L.C

Ollándonos Nº 42

ToD@, somos especiais ao noso modo

Non importa como sexas, nin como consideran os demais que es, Importas ti...

Hai xente que fala doutros ás súas costas, pero eles non saben...que hai algo máis que ser o máis popular, cousas como a amizade.

Que sería de nós se non tiveramos os nosos amigos e seres queridos conosco? ;quen estaría aí nos malos momentos?. Cando todo o mundo nos dá as costas, alí están eles para darnos o seu agarimo para facernos ver que hai algo mellor que estar sempre amargado polo que din os demais de ti..

Autora: Tamara 3º ESO B

AUTORA

I Love You

Ollándonos n°.- 43



31/07/2005



Só son **unha nena** que camiña pola vida

Fixándose en detalles que **ninguén** apreciaría.

Onte **ollei** unha muller chorando dende o seu balcón

O día anterior perdera o seu **amor**.

Tamén vin un par de nenos correndo por un prado,

Cheos de **fantasías** no seu mundo imaxinado.

Sempre vou polas aldeas escoitar **falar**

Ese idioma que me fai sentir no meu lar.

O noso idioma é o **galego** é o idioma dos galegos

É a lingua dos que levan **Galicia** ata en sagrados.

Non comprendo ese porqué de só falar castelán

A xente toda pensa "qué máis dá, entendémonos igual"

Entender entendemos a lingua que nos fales

Mais temos por obriga ir por montes e vales

Recordando o que un día chegamos a aprender

O galego **é a nosa lingua**, non o debes esquecer!

P e n s a m e n t o s:

Un sorriso costa pouco e vale moito

Que non ten desexos, todo o posúe.

Actuar é demostra-lo que sabes.

A morte nin temela nin buscala, esperala.



«Como lle dicía o Coello a Alicia: ‘O que importa é saber quen manda’»

Lois Pereiro

nº45 ollándonos

(versión compostelá I)

pichqa ela

versións, incisos e puntos suspensivos:
inventario do devezo.

o *veno simple* resólveme puta,
permito belicosidade.
fendo.

-alicia fernández-



o sufrimento é un vicio
sei da intencionalidade dos meus actos que me levan a el
un morbo descoñecido que atafega os meus sentidos



pendurar a miña pelella dun cravo oxidado do alboio da miña infancia
para me iniciar na mestría da curtición de pel de año
e si, provocar, provocar para... e que me insulten, cuspan...

-francisco abilleira-

galga a noite en mil eclipses de pan e cisterna
cando ti
me abres primario
e cáeme desde o ceo a xeito de subida
o bosquexo do éxodo no vicio das esferas
ou o fósforo de arder
patria de leitos sen ferrollo
que soña desquiciado co estalo da faísca
en que este famento derreta a epiderme

-gonzalo hermo-


-hai un cadro no que as sandías se parten

prometeo
prometeo

(ninguén se acorda das
mulleres)

todos os días
cómenme o útero
corvos.

-mónica sánchez-



Mari
lar
Ale
xan
dre

derrotas domésticas

debeu ser moi difícil
degolar as anguías
sen cortar os dedos
arrandearte para que non te cubrisen
as escamas do ollomol
liscar do nó corredío das sabas

nas noites opacas
que batallas contra os garavanzos
medrando disformes na agua que absurda tarefa
escoller lentellas de arroz
que impotencia
cando o leite fervido vai por fóra
inevitabilmente

e se o batifundo das tixolas
non che deixaba oír a música
se o teu francés e alemán
eran inútiles contra a graxa nos fogóns
se os tubos de agua berran como nenos
ou gaivotas e as patacas se pegan
no fondo da tarteira

Nai
¿como é que estás sorrindo nas fotos?

(Catálogo de Venenos, 1999)



Ollándonos nº 47

Marilar Aleixandre

(María Pilar Jiménez Aleixandre - Madrid, 1947)

Narradora, poeta, traductora, Marilar Aleixandre usa o galego como lingua literaria e afirma que ten a lingua partida, pero que non todos os bichos con lingua bífida son perversos. En canto aos libros, di que no fondo son mensaxes escritas con tinta, chuspe ou sangue que guindamos ao baleiro coa esperanza de que alguén os reciba. Afeccionada a recoller palabras descarreiradas, gárdaas entre as liñas de relatos ou poemas. Vive en Santiago de Compostela onde ensina Didáctica da Bioloxía e Educación Ambiental na Universidade, e escribe. Algúns temas recorrentes nos seus libros son as traizóns, sobre todo as traizóns a un mesmo, a unha mesma e as tortuosas relacións familiares.

“A expedición do Pacífico”

Oluns 5 de xuño do 2006 **Marilar Aleixandre** visitou o I.E.S Daviña Rey para falarnos sobre un dos seus prestixiosos libros *“A expedición do Pacífico”* xa que o leran algúns alumnos da E.S.O.

A escritora contounos moitas anécdotas nas que se inspirou para escribir o seu libro. Entre elas que fixo esa viaxe, por algunhas das selvas do Amazonas e América do sur. Tamén nos explicou por qué elixira a unha rapaza como protagonista que na historia facíase pasar por un rapaz, para poder cumprir o seu soño de facer esa expedición; a explicación a isto é que as mulleres naquela época, na que se basea a historia, só realizaban os labores do fogar e coidar dos múltiples fillos que tiñan, entón por iso a protagonista tivo que disfrazarse de rapaz e enganar a toda a tripulación do barco e á súa familia. Tras esta aclaración falounos dalgunhas mulleres que fixeron por cambiar os costumes daquela época cruel para a muller.

Queremos salientar que os alumnos participaron activamente realizando preguntas e escoitando con moito interese ao final desta visita a autora firmou libros.

Por último dicir que tanto a autora coma os alumnos disfrutaron moito.



OLLÁNDONOS Nº48

PRESENTACIÓN

Hoxe contamos entre nós coa presenza de Xabier Quiroga, escritor de novelas como *Atuado na braña* ou *Era por setembro* e cuxa carta de presentación non val ser a tan socorrida reseña biográfica.

Nós quixemos ser orixinais, facer algo distinto, e, para intentar logralo, optamos por recoller frases da súa obra *Era por setembro* e darlles unha nova forma, que nada ten que ver co argumento da fermosa historia que nos narra a novela, pero que, ó fin e ó cabo, non deixan de ser as súas palabras, as que elixiu e combinou obtendo un excelente resultado.

O que saíu deste intento de facer algo novo, foi o seguinte:

"Era por setembro e pingaban as fontes, convencéndome de que toda aventura leva aparelado un perigo, algo así como atoparme de súpeto cun maravilloso tesouro que unha vez descuberto ninguén me podería arrincar do espírito. Hai sentimentos tan tenros e inexplicábeis que aínda que queiras explicalos non podes, ó mesmo que o tempo non existe e o espazo é un mero incordio que separa o corazón do que lle acirra os latexos. Son cousas que é mellor non pensar, porque se cadra o único que fan é un dano tan grande que che desfán o pouco que tes ben amarrado nesta vida: na vida trazada sen trazo e no que non pode ser porque, sen estar escrito, está torto e non hai xeito humano de enderotalo. Pero... sempre hai un pero, e o pero máis grande foi a miña indecisión; a miña indecisión, o meu erro. Por non facerlle caso ó corazón perdín os mellores anos da miña vida, e agora xa é tarde, tarde para todo, porque de ilusións, só viven os ilusos."

E como o resultado foi algo máis pesimista do agardado, decidimos continuar:

"...Por non facerlle caso ó corazón perdín os mellores anos da miña vida, e agora xa é tarde, tarde para todo, porque de ilusións só viven os ilusos; os ilusos e tamén eu, xa que como a base de calquera éxito é un gran esforzo, e como penso que nunca é demasiado tarde para nada, un bo día decidín continuar o que cría perdido demasiado tempo atrás. Decidín continuar e logreino; logreino cando por fin conseguín vivir a vida que quería comprobando, á vez, o que xa pensaba cando comecé: non todo é irreparable."

E agora, propono rematar cos experimentos e deixar falar á persoa que nos reuniu aquí hoxe: **Xabier Quiroga**.

12-V-2006



OLLÁNDONOS N° 49

Mírame

Deixaches a túa esencia de vida comigo
Deixáchesme o recordo en forma de abrigo
Para as noites frías
Os teus ollos míranme e síntoos brilar
Pódesme falar, eu escóitote
E lembraremos o noso bico xuntos.
Lévaste contigo parte de min
E por iso fálame, non deixes de facelo
Fai que chova para sentir as túas bágoas
E poder sentirte.

Non me rompiches o corazón, xa che dera un anaco
Que substituíu polos teus sorrisos e a túa voz
¡Mírame, eu estou a mirarte!
Déixame dicirte que te quero unha vez máis
E déixame abrazarte
Porque tí e máis eu fomos, somos e seremos un,
Simplesmente adiantácheste.
Pero non sufras, non me sinto soa,
Porque miro ó mar e son os teus ollos que brilan
Porque abrazo o vento e sinto as túas caricias
Porque as flores que nacen son os teus bicos
Porque pecho os ollos, véxote e voo
¿Mírame, eu estou a mirarte!
E non me digas adeus
Soamente, dáme outro bico.

Laura Fernández Vázquez

«Como lle dicía o Coello a Alicia: 'O que importa é saber quen manda'»

Lois Pereiro

nº50 ollándonos

(versión compostelá I)

pichqa ela

versións, incisos e puntos suspensivos:
inventario do devezo.

o *veno simple* resólve-me puta,
permito belicosidade,
fendo.

-alicia fernández-



o sufrimento é un vicio
sei da intencionalidade dos meus actos que me levan a el
un morbo descoñecido que atafeqa os meus sentidos

pendurar a miña pelella dun cravo oxidado do alboio da miña infancia
para me iniciar na mestría da curtición de pel de año
e si, provocar, provocar para... e que me insulten, cuspan...

-francisco abilleira-



galga a noite en mil eclipses de pan e cistema
cando ti
me abres primario
e cáeme desde o ceo a xeito de subida
o bosquexo do éxodo no vicio das esferas
ou o fósforo de arder
patria de leitos sen ferrollo
que soña desquiciado co estalo da faisca
en que este famento derreta a epiderme

-gonzalo hermo-

-hai un cadro no que as sandías se parten

prometeo
prometeo

(ninguén se acorda das
mulleres)

todos os días
cómenme o útero
corvos.

-mónica sánchez-

